



Sociedade Galega
da dor e coidados
paliativos



MANIFESTO DIA MUNDIAL DOR 2022

Este 17 de outubro, celebramos o Día Mundial da Dor, este ano adicado a resaltar a importancia de trasladar os coñecementos da dor a práctica clínica.

Os cadros de dor crónica teñen unha neurofisioloxía propia, a sua perpetuación débese a cambios que ocorren fundamentalmente no sistema nervioso, en estruturas periféricas e centrais. Estos cambios producen unha sensibilización do sistema nervioso, perpetuando a sensación dolorosa no tempo, asociado a unha alteración no funcionamento dos mecanismos inhibitorios da dor.

A maioría dos tratamentos aplicados actúan nas estructuras que consideramos responsables das doenças, pero non sempre conseguimos resultados satisfactorios. Por eso a dor crónica é un importante problema de saúde. Unha de cada cinco persoas, maioritariamente mulleres, padece dor persistente (dor crónico) e a prevalencia vai en aumento probablemente como consecuencia do envellecemento poboacional.

As persoas con dor crónica buscan alivio en múltiples especialistas, consumen moitos recursos en probas diagnósticas e tratamentos e teñen sensación de abandono terminando en cadros depresivos. Para mitigar o seu sofrimento é necesario un cambio de estratexia, buscar sinerxias e construir equipos asistenciais entre os diferentes profesionais implicados no tratamento da dor crónica (médicos, enfermeiras, fisioterapeutas, psicólogos, farmacéuticos, etc), para ofrecer os pacientes as mellores opcións terapéuticas.

Por todas estas razóns, dende a Sociedade Galega da Dor e Coidados Paliativos (SGADOR), a Asociación Galega de Anestesiología, Reanimación y Dolor (AGARyD) e a Sociedade Galega de Fisioterapeutas (SOGAFL) reclamamos neste manifesto:

1. A importancia de poñer en valor a dor crónica.
2. Unha estratexia Galega contra a Dor coa participación de todas/os os profesionais implicados.
3. A potenciación das Unidades da Dor, incorporando psicólogos e fisioterapeutas.
4. Potenciación de intervencións novedosas como a do Afrontamento Activo, baseadas na educación e nas estratexias de movemento, entre elas o exercicio terapéutico.
5. Impulso da Atención Primaria como axente fundamental do tratamento e a conexión eficiente e multidisciplinar dos nívéis asistenciais.

Presidente de SGADOR

Presidente de AGARyD

Presidente de SOGAFL